



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Ribeira. Parroquias: Santa Uxía de Ribeira, e San Paio de Carreira ao noroeste e ao suroeste. Extensión: 3,87km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tramo de costa rochoso e baixo, no oeste da Enseada de Ribeira. Nesta unidade aparece unha pequena pero moi lisa, chaira costeira, na que se asenta o núcleo de Santa Uxía de Ribeira. Dita chaira está enmarcada por uns relevos graníticos de perfil redondeado, con vertentes de pendente tendida que se volven aínda máis suaves cara ao suroeste.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade formada por unha granodiorita biotítica con megacristsais de Idade tardihercínica. O Cuaternario suma aos depósitos de praia e dunares algunhas áreas detríticas e outras de adscripción non clara nas partes traseiras dos areais costeiros e en cubetas de alteración. No nordés da unidade, na ladeira do Monte Castro, aparece un lentellón de xistos e paragneises de Idade precámbrico-silúrica, pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. No alto do Monte Castro Cidade supéranse os 1400mm de precipitación, alcanzando máximos de 1600mm o que este sector constitúe a variante Moi Húmida do dominio climático xeral.

OS SOLOS

A franxa costeira está moi transformada pola expansión urbanística en torno ao núcleo de Ribeira polo que son frecuentes os antrosos. A vertente presenta nos seus tramos de menor desnivel cambiosos dísticos, mentres que cara á cabeceira, no Monte Castro Cidade, os chans alcanzan menos desenvolvemento evolutivo (salvo pequenos alveolos e chairas intermedias) o que se traduce no dominio dos regosos e leptosos líticos.


AS AUGAS

A pequena chaira litoral sobre a que se asenta o núcleo de Ribeira atópase surcada polo arroyo Morto, que se encarga de recoller a auga de escorrentía da conca. As Augas Costeiras desta unidade son as identificadas co código 20148.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Fronte completamente transformada pola pequena cidade de Ribeira. Só podemos destacar hábitats de interese no continente a pesar da súa tamén intensa modificación humana. Entre As Carolinas e As Sidreiras, no extremo oriental da unidade, dúas pequenas canles presentan pequenos bosques ripícolas (91E0) acompañados por prados hidromorfos ou higrófios (potencialmente 6420, prados de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, megaforbios eutrofos higrófios) e algúns rodais de frondosas de recolonización, pero de menor importancia. As pequenas agrupacións de recolonización existen tamén nos arredores da capital, por exemplo, na base do Monte de San Roque, ou en Fontán.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A franxa costeira está moi transformada pola expansión urbanística en torno ao núcleo de Ribeira. Desde o punto de vista socioeconómico é a cidade punteira da comarca do Barbanza na que destaca a industria conserveira, a pesca e o marisqueo vinculados a un dos portos máis importantes da UE. Cabe destacar a implantación doutras industrias do sector enerxético como unha coxeneradora no porto ou o parque eólico. Destaca tamén o sector turístico e a hostelería. Provista dunha gran funcionalidade cos equipamentos dunha gran urbe. Nun segundo nivel periférico persiste o uso residencial vinculado ás parcelas agrícolas e na zona máis elevada masas mixtas e de repoboación. No sueste da unidade hai praias de pequeno tamaño como son Cativa e Gavioteira de Fontán. Por último destaca a presenza do rego Morto que se fragmenta no seu encontro co núcleo urbano próximo aos asentamentos periféricos de Cubeliño e Granxa.

MORFOLOXÍA

En xeral trátase de edificacións residenciais de gran volume tanto na primeira liña da franxa costeira como no interior da urbe, as novas urbanizacións que se expanden desde o centro urbano están absorbendo os espazos que conforman os asentamentos de carácter rural na periferia do núcleo urbano, con vivendas unifamiliares asociadas ao uso agrícola. No ámbito portuario naves dedicadas ao sector marítimo pesqueiro e outras que aparecen de forma puntual pola fachada costeira mesturadas con equipamentos e urbanizacións de recente construción. Santa Uxía de Ribeira recoñeceuse como NIL.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Alta densidade de vieiros que converxen desde o núcleo urbano. A expansión do núcleo urbano e o gran desenvolvemento do porto pesqueiro contribuíron á multiplicación de vieiros interiores e periféricos que en suma, coas xa existentes, forman unha rede anárquica e sen orde xerárquico (AC-305, AC-550, AC-7302, AC-7305, AC-7307, AC-7308). Destacar un vieiro urbano que transcorre de norte a sur paralelo á liña costeira. O porto de Ribeira está considerado entre os máis importantes da Unión Europea e posúe a máis importante frota de baixura da Península Ibérica.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural no núcleo de Ribeira conforman numerosas vivendas e conxuntos de edificios, a igrexa parroquial de Santa Uxía, a casa reitoral e algúns cruceiros. A capela de San Roque ubícase na periferia da unidade. Dentro del patrimonio industrial marítimo encontramos a fábrica de conservas da rúa Portugal. Do patrimonio arqueolóxico destaca o conxunto de mámoas no Monte da Cidá na periferia da unidade. A festa con máis arraigamento popular e participativo é a da Dorna celebrada no mes de xullo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Pódense distinguir tres niveis desde a franxa costeira. O primeiro nivel constitúe o asentamento urbano de Ribeira e o ámbito portuario. Nun segundo plano a periferia do núcleo recolle asentamentos que aínda están vinculados ao uso agrícola e vertebrase por unha complexa rede viaria que converge desde o núcleo urbano. A medida que nos afastamos do litoral gáñase altitude deixando paso ao terceiro nivel composto de masas forestais mixtas e de repoboación. A paisaxe natural e rural veuse fortemente antropizada pola expansión do núcleo urbano e o porto pesqueiro e o armazón viario que os enlaza.

DINÁMICA DA PAISAXE

O porto pesqueiro de Ribeira contribuíu ao desenvolvemento do núcleo e da industria marítimo pesqueira en xeral. A expansión da poboación cara aos núcleos de carácter rural faise notable ao verse practicamente inmersos pola trama urbana de Ribeira, coa conseguinte mellora dos vieiros existentes e unha nova rede de comunicacións, substituindo os anteriores trazados consistentes en camiños rurais que estruturaban a paisaxe agrícola.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe é eminentemente urbana vinculada á industria marítimo pesqueira. O núcleo urbano aséntase sobre a vertente das montañas próximas cunha pendente moderada, que ascende cara ao noroeste alcanzando a súa cota máis alta onde se sitúa un bo punto de observación. Esta unidade é un enclave básico no aspecto socioeconómico da comarca do Barbanza pola importancia do seu porto pesqueiro. Sendo Ribeira o núcleo de poboación máis desenvolvido nesta beira da ría de Arousa, a súa estratéxica ubicación na enseada de Santa Uxía e a proximidade a outros portos da ría convérteno nun enclave de gran importancia para o sector.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



